



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xurisdicción e procesos constitucionais

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	21
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2002
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Adquisición de coñecementos sobre os distintos procesos constitucionais, con especial exame do recurso de inconstitucionalidade como proceso de control directo da constitucionalidade da lei e da cuestión de inconstitucionalidade como proceso de control indirecto. Farase especial fincapé no exame dos conflitos de competencia entre o Estado e as comunidades autónomas, así como no recurso de amparo e os distintos mecanismos procesuais de tutela dos dereitos fundamentais. Exame das competencias do Tribunal Constitucional e a súa delimitación coas competencias propias da xurisdicción contencioso-administrativa. Exame dos máis relevantes procesos constitucionais nos que fora parte a Xunta de Galicia.

DESTINATARIOS

Funcionarios dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I e II da Xunta de Galicia que sexan licenciados en dereito.

PROGRAMA

O Tribunal Constitucional como órgano constitucional do Estado. A súa normativa constitucional. Composición e funcionamento. O recurso de inconstitucionalidade. O control previo de constitucionalidade dos tratados internacionais. A cuestión de inconstitucionalidade: a denominada «autocuestión» de inconstitucionalidade. Os conflitos positivos de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, ou destas entre si. Conflictos negativos de competencias. Os conflitos entre os órganos constitucionais do Estado. As impugnacións reguladas no título V da Lei orgánica do Tribunal Constitucional. O control de inconstitucionalidade das disposicións regulamentarias. O recurso de amparo. A tutela dos dereitos fundamentais ante a xurisdicción ordinaria. A defensa constitucional da autonomía local. Os conflitos en defensa da autonomía local. Os efectos das resolucións do Tribunal Constitucional. A delimitación de competencias entre a xurisdicción constitucional e a xurisdicción contencioso-administrativa.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terán prioridade os solicitantes destinados en unidades que levan xestión administrativa e preparación da documentación para a súa remisión ós tribunais, así como a tramitación de recursos en vía administrativa e xestión da execución de resolucións xudiciais ante órganos da xurisdicción constitucional.

3. DATOS EDICIÓNS

1126001

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 21/10/2002 a 30/10/2002

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE